

ADENDA DA PROGRAMACIÓN CURSO 21-22

. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN FINAL DO MES DE XUÑO

Como se indica na Orde de Avaliación do 25 de xaneiro do 2022, despois das tres avaliacións parciais, haberá unha avaliación final, a finais de xuño, que suporá a cualificación definitiva do alumnado na materia, facendo tamén a valoración das competencias clave.

Na programación da materia están establecidos os procedementos de avaliación, que para a ESO son:

- Probas escritas 60% da nota
- Tarefas 40% da nota

A nota final calcularase facendo a media das tres avaliacións. Considérase aprobado aquel alumnado que alcance unha nota igual ou superior a 5.

No período que vai entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final levaranse a cabo actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación atendendo aos seguintes supostos:

- Alumnado que despois da 3ª avaliación teña aprobada a materia:

Nese caso poderán mellorar a súa nota final, a partir da realización, entrega e valoración das actividades de reforzo e ampliación avaliadas. Estas actividades serán avaliadas a través dos instrumentos de avaliación que o profesor considere oportunos. A cualificación final deste alumnado resultará da media das tres avaliacións a que se lle sumará a nota obtida nestas actividades.

- Alumnado que, despois da 3ª avaliación parcial, teña a materia suspensa:

Neste caso o departamento elaborará un informe individualizado de cada alumno/a coa finalidade de establecer as actividades de recuperación que permitan que dito alumnado acade as aprendizaxes mínimas para aprobar.

Neste informe individualizado reflectiranse os seguintes apartados:

1. Identificación do alumno/a
2. Cualificacións acadadas nas avaliacións parciais
3. Partes da materia sin superar (temas, estándares..)
4. Actividades de recuperación propostas, que deberán ser sempre realizadas na aula.

Este proceso será avaliado mediante unha proba escrita (60%) e as actividades de recuperación (40%). O alumno/a terá que acadar unha nota igual ou superior a 5.

## BACHARELATO

Na materia de Historia do Mundo Contemporáneo, os procedementos de avaliación establecidos na programación son :

- Probas escritas 70% da nota
- Tarefas 30% da nota.

A nota final calcularase facendo a media das tres avaliacións. Considérase aprobado aquel alumnado que alcance unha nota igual ou superior a 5.

No período que vai entre a 3ª avaliación parcial/ final ordinaria e a avaliación final extraordinaria levaranse a cabo actividades de apoio, reforzo, recuperación.

- Alumnado que, despois da avaliación final ordinaria, teña a materia suspensa:

Neste caso, para o alumnado que non acada os obxectivos, prepararanse tarefas específicas e darase apoio e reforzo naqueles estándares nos que non se alcancen os mínimos esixidos.

As probas para avaliar serán as que xa estaban previstas na programación do curso para a avaliación extraordinaria.

Este proceso será avaliado mediante unha proba escrita (100% da nota) O alumno/a terá que acadar unha nota igual ou superior a 5.